

Recensións

KABATEK, JOHANNES / ALBERT WALL (2013): *New Perspectives on Bare Noun Phrases in Romance and Beyond*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 334 pp.

Nas últimas décadas asistimos a un considerable aumento da investigación e da bibliografía científica sobre os nominais nus (NNs) —tamén chamados sucintos, ou reducidos—, e o presente volume vén confirmar o feito de que os constituíntes nominais sen determinantes expresos constitúen un campo fascinante para a investigación lingüística. A ausencia de determinante é obviamente a cara oculta da pescuda sobre a determinación nominal. E xa se sabe que os lados escuros das cousas son sempre os máis misteriosos e sedutores.

Estas asercións coas que comezo a miña recensión non son máis que unha paráfrase das que lles serven aos editores do volume para comezaren a súa introdución. Aínda que unha e outra son dous xéneros discursivos diferentes, permítaseme a licenza, pois parece-me (por fondo e por forma) unha boa maneira de principiar este texto.

Boa mostra da importancia crecente do tema é o relevo que a descrición da casuística da ausencia de determinantes nominais adquiriu nas gramáticas de referencia publicadas nos últimos anos para o español (1999 e 2009), o catalán (2002) ou o portugués (2013). A contribución de Laca (1999) á *Gramática Descriptiva de la Lengua Española* é un bo expoñente diso. A explosión de interese comezara bastante antes e máis ben no ámbito da xermanística, nomeadamente do inglés, de onde vén a etiqueta *bare nominals...* e a controversia acerca de cómo traducila e da conveniencia de gardar ou non fidelidade á orixinal metáfora que a sustenta. Porén, o estudo dos NNs suscitou axiña notable atención no ámbito lingüístico romance, onde presentan seguramente unha maior variación e diversidade. Fitos nese cambio de rumbo foron os volumes colectivos coordinados por Ascombre (1991) para o francés e por Bosque (1996) para o español. As contribucións puntuais posteriores son nume-

rosas e dispersas. Unha das virtudes do presente volume consiste precisamente en ofrecer xuntas unha manda de achegas dalgúns dos máis relevantes especialistas románicos sobre os NNs, que nos brindan en conxunto un detallado panorama do estado actual dunha liña de investigación que segue aberta e en ebulición. Probablemente por ese estado de *work in progress* segue a faltar unha verdadeira monografía de referencia sobre o tema.

Completando a filiación do libro que presentamos, cómpre sinalar que é curmán doutros volumes colectivos recentes sobre determinación nominal, entre os que cabe destacar Müller e Klinge (2008) e outros referidos por Kabatek e Wall na introdución ao libro. Trátase porén de obras cun ámbito de estudo máis amplo, nas que o tema dos NNs só é abordado especificamente nalgunha das contribucións que recollen. Hai, pois, entre eses volumes e o presente unha clara complementariedade.

O libro non está concibido como unha presentación xeral do emprego dos NNs nas linguas romances, nin serve como introdución para lectores non iniciados. Dá mesmamente o que ofrece: novas perspectivas na investigación dos NNs nas linguas romances, con algunhas achegas doutras linguas. A maioría das contribucións proceden dos relatorios presentados no “International Workshop on Sentence-Initial BNs in Romance” celebrado na Universidade de Tubinga en 2011. Aínda que a obra finalmente publicada ten un espectro temático máis amplo, segue a ser perceptible certa tendencia a enfocar o tema poñéndoo en relación con factores como a topicalización, a dislocación á esquerda ou a estrutura informativa. A relevancia científica do elenco de contribuíntes está fóra de cuestión e as súas contribucións pertencen a distintas orientacións teóricas, con vontade integradora. O obxecto de estudo son as linguas romances, pero tamén se toman en consideración, de maneira relevante, linguas doutras familias, nomeadamente o hebreo moderno e o búlgaro. Os romances con maior presenza no volume son o español e o portugués do Brasil, a variedade que fai —con diferenza— un uso máis extensivo, ostensible e diverso dos NNs

no ámbito románico. Tamén están presentes de maneira singular o italiano, o francés, o portugués europeo e o catalán. Non atopamos referencias ao galego.

O volume ábrese cunha interesante introdución asinada por Albert Wall e Johannes Kabatek baixo o título “Laying bare nominal determination”. Os editores empezan ofrecéndonos un estado da cuestión, co repaso dos principais fitos en materia de NNs no cadro máis amplo da investigación sobre determinación nominal, contextualizando así a relevancia da nova contribución que promoven. Poñen de manifesto a diversidade de camiños desde os que se abordou e se aborda o tema, as múltiples controversias que permanecen abertas na investigación e mesmo os problemas para delimitar con precisión o que se entende comprendido baixo o concepto de “barness”. Tamén presentan os desafíos da investigación en NNs, apostando pola combinación sinérxica de achegas de distintas perspectivas teóricas —formais e funcionais— e mesmo propoñen unha axenda (que eles mesmos cualifican de aproximativa e incompleta) dos estudos en NNs e consideracións metodolóxicas sobre a investigación futura no tema. Como demanda o canon, a introdución remata cunha presentación, moi informativa, do contido e do sentido de cada unha das contribucións que conforman o volume, ás que tamén me referirei agora brevemente.

Na primeira delas (“Some cross-linguistic aspects of bare NP distribution”), Susan Rothstein fai un estudo contrastivo dos NNs en singular presentes tanto en hebreo moderno como en portugués do Brasil (e.g. *Maria viu filme*) para concluír que, a pesar das semellanzas que superficialmente presentan, ambos os tipos de NNs constitúen fenómenos moi diferentes, tanto en extensión de uso (están moito máis restrinxidos en hebreo que en PB) como en valor denotativo. Estes nominais sucintos singulares, bastante espallados no PB cunha casuística moi complexa, constitúen o tipo de “barness” máis senlleiro no ámbito romance, e son obxecto de atención noutras dúas contribucións centradas xa só no PB: unha de Roberta Pires de Oliveira e a propia Rothstein (“Bare singular arguments in Brazilian Portuguese: perfectivity, telicity, and kinds”), a outra dun dos editores, Albert Wall (“The distribution of specific and definite bare nominals in Brazilian Portuguese”).

Partindo dun traballo previo en que presentaban os suxeitos nus singulares do PB como termos que denotan clase (*Cavalo chegou no Brasil em 1500*), Pires de Oliveira e Rothstein estenden a hipótese aos NNs singulares en posición de obxecto, introducindo a noción de *k(ind)-relation* para explicar como, na súa opinión, o emprego de NNs singulares é máis plausible en certas combinacións predicado-obxecto que noutras, dependendo da facilidade para interpretar que o verbo selecciona como obxecto entidades que denotan clase —o cal resulta máis plausible, e.g., en *Maria viu filme / leu livro* (‘dedicouse a ver películas, a ler libros’) que en *Maria leu tese*. Porén, mesmo en casos de realizacións como *leu tese* o NN é posible, dependendo de factores que teñen que ver, segundo as autoras, coa perfectividade, duratividade ou telicidade da construción (cfr. #*Maria leu tese* vs. *Joana estava lendo tese quando Maria chegou; Leu tese ontem por duas horas / #em duas horas*), o que recorda dalgún xeito as restricións no uso da preposición *en* con obxectos en galego.

Albert Wall centra a súa atención nunha construción habitualmente ignorada nos estudos sobre o tema: a dos NNs de interpretación específica e definida, non-xenérica —e.g. *Filha dela tem sete anos*. Trátase dunha construción pouco frecuente e bastante problemática, que adoita ser desatendida ao quedar, segundo o autor, nun ángulo morto ou zona cega desde o punto de vista teórico e metodolóxico. Porén, o autor rexistra e estuda estes usos nun duplo corpus documental, mostrando como presentan un comportamento sistémico, vinculado á estrutura informativa e ao rexistro ou tradición discursiva.

María Teresa Espinal (“Bare nominals, bare predicates: Properties and related types”) ensaia unha clasificación de catro tipos semánticos de NNs en posición de argumento ou de predicado, basicamente posverbais, en catalán e español. Os NNs obxecto denotan propiedades de clase; os NNs en posición de predicado denotan ben propiedades de obxectos individuais, propiedades de eventos individuais localizados temporalmente ou propiedades graduables. O artigo abrangue unha ampla gama de fenómenos, incluíndo os NNs vocativos. Séguenlle tres contribucións centradas especificamente no español, asinadas por Laca, Leonetti e Sáez de Rivera.

Brenda Laca ofrécenos un interesante artigo (“Spanish bare plurals and topicalization”) centrado nas construcións de NNs plurais topicalizados, do tipo *Obispos asistieron* [*pero no arzobispos*], distinta da construción de foco enfático inicial (*OBISPOS asistieron*). A autora sostén a hipótese de que todos os NNs plurais en español son expresións denotadoras de propiedades. Estas construcións supoñen un desafío para o mantemento desa hipótese, toda vez que, segundo demostraron Cohen e Erteshick-Shir (2002 e traballos subsecuentes), as expresións denotadoras de propiedades non poden ser tópicos, nin estes poden estar incorporados. Para resolver esta aparente contradición, e tras confrontar as construcións de Topicalización e de Dislocación Clitizada á Esquerda (CLLD), Laca argumenta que o constituínte topicalizado nestas construcións núas non ocupa a posición estrutural de tópico interno, senón que é externo, asumindo que só aquel constitúe tópico concibido como *aboutness*. Conclúe que a prohibición de que as expresións de propiedades sexan tópicos se refire aos internos pero non aos externos, que non son *aboutness-Topics*.

Estreitamente relacionado coa contribución de Laca está o artigo de Manuel Leonetti “Information structure and the distribution of Spanish bare plurals”. Nel Leonetti caracteriza globalmente os NNs plurais do español no marco da interacción entre a incorporación semántica —o mecanismo que permite ou licencia os NNs— e a estrutura informativa, argumentando que é esta a que nos outorga as ferramentas adecuadas para dar conta dos NNs. Neste senso diferencia dúas posicións de tópico (interno e externo) en liña co sustido por Laca no artigo precedente, e mantén que os NNs plurais son en español aceptables como tópicos externos, pero están excluídos como suxeitos preverbiais. O autor conclúe sinalando o interese de verificar a aplicabilidade da súa proposta nunha análise comparativa, nomeadamente no conxunto das linguas romances.

Daniel Sáez Rivera (“Bare nominals in American-Spanish headlines”) analiza a ausencia de artigos definidos como marcador lingüístico da peculiar tradición discursiva que constitúen os titulares de prensa. Constata empiricamente fortes diferenzas xeográficas e diacrónicas do fenómeno, moi restrinxido na prensa de España e Arxentina, que só presentan na actualida-

de NNs plurais, fronte ao que ocorre na prensa hispana do resto de América, que usa tamén amplamente os NNs singulares —os cales gozaban tamén de certo uso nos titulares da prensa española e arxentina ata os anos 70/80 do pasado século (*Alcalde desobedece una sentencia*). O autor estuda as circunstancias deste cambio de estilo na prensa hispano-argentina e atribúe o diferente comportamento dos xornais do resto de América á forte influencia do inglés a que están sometidos.

Christina Märzhäuser estuda no seu artigo os “Coordinated bare nouns in French, Spanish and European Portuguese”. É ben sabido que a construción coordinada é un contexto sintáctico particularmente permisivo cos NNs, admitindo o seu uso con nominais contables singulares, plenamente referenciais, mesmo en posición de suxeitos preverbiais (e.g. *Nai e filla caeran nun silencio prolongado*). A autora rexeita a visión habitual que asocia eses NNs coordinados a expresións idiomáticas máis ou menos fixadas, argumentando que tamén ocorren con combinacións pouco estereotipadas. Estuda as condicións que propician estas coordinacións de NNs, sinalando que os membros coordinados pertencen a un marco semántico compartido e amosan unha relación especial entre si, que a autora denomina “togetherness”.

Remato referíndome ás dúas contribucións que presentan un maior contraste temático co perfil homoxéneo do libro. Frank Floricic centra o seu traballo (“Bare quantifiers and Topics in Italian”) non propiamente nos NNs, senón nos chamados cuantificadores nus, unha serie de estruturas cun elemento pronominal ‘cuantificador’ desprazado á posición inicial sen formar parte dunha frase maior: *Qualcuno troverò; Tutto non lo può fare*. No caso da contribución de Elena Gorishneva (“Bare vs. Non-bare nouns: Two kinds of indefinites in Bulgarian”), a singularidade non reside no tema, senón na lingua estudada. A autora indaga nas propiedades de dous tipos de FNs indefinidas en búlgaro: os NNs e a FN introducida por *edin*, o numeral ‘un’ que emerge (nesta lingua igual que en tantas outras) como determinante indefinido dando lugar a interesantes contrastes. A autora sostén que ambas as opcións vehiculan dúas maneiras de expresar o indefinido, en termos de distinción *type vs. token*, vinculadas a factores discursi-

vos: a FN con *edin* analízase semanticamente como un referente de *token* e úsase por motivos pragmáticos para marcar a prominencia discursiva dese referente, mentres que a FN núa constitúe un referente de *type* e marca a falta de prominencia desa entidade no discurso. Non se trata dun estudo comparado nin se pon en paralelo o caso do búlgaro co das linguas romances (fóra de referencias puntuais, vs. a contribución de Rothstein anteriormente referida, e.g.), pero o artigo deixa albiscar interesantes elementos de contraste ou afinidade, que lle outorgan pertinencia abonda para aparecer —pechándoa— nesta colectánea.

Nas páxinas finais da obra atopamos un completo índice temático. Desde o punto de vista formal, o libro amosa unha notable pulcritude e a elegancia editorial característica da colección en que se insire: *Studies in Language Companion Series (SLCS, volume 141)*. Detéctanse poucas grallas e algún que outro lapso sen maior importancia, como a falta da referencia bibliográfica dalgunha obra citada. Nesta orde de cousas só me parece relevante consignar certa confusión tipográfica na presentación dos exemplos lingüísticos, xeralmente acompañados de glosa e tradución ao inglés, en tres liñas. Non sempre o exemplo propiamente dito (primeira liña) aparece en cursiva, e o destaque do segmento ao que se quere aludir faise (cando se precisa facer) unhas veces mediante caracteres grosos e outras mediante redondas. O tema non pasaría dunha exquísitez irrelevante se non fose porque nalgún caso chega a desorientar o lector, como ocorre no artigo de Teresa Espinal, onde a confusión entre cursivas e redondas nos exemplos despista verbo de cal é o elemento que se quere destacar. Nada, en fin, que o sentido común do lector non poida resolver.

En definitiva, este libro achéganos unha suxestiva e coherente colectánea de artigos de incuestionable solvencia sobre un asunto de grande relevancia e actualidade científica. Trátase dunha referencia moi recomendable para aquelas persoas que queiran afondar na problemática dos NNs e a ausencia de determinantes e acadar un mellor coñecemento e posta ao día nesta interesante cuestión no ámbito romance. Tamén no ámbito específico da lingüística galega, mesmo a pesar da ausencia da nosa lingua no conxunto de variedades lingüísticas románicas estudadas

de maneira explícita na obra. Un libro sobre o presente dunha cuestión moi presente na investigación lingüística actual, no que ademais atopamos unha revisión do seu pasado e unha proposta de axenda para o seu futuro.

Referencias bibliográficas

- Ascombre, Jean-Claude (ed.) (1991): *Absence de déterminant et déterminant zéro*. Número monográfico de *Langages* 102.
- Bosque, Ignacio (ed.) (1996): *El substantivo sin determinación. La ausencia de determinante en la lengua española*. Madrid: Visor.
- Cohen, Ariel / Nomi Erteshick-Shir (2002): "Topic, focus and the interpretation of bare plurals", *Natural Language Semantics* 10(2), 125-165.
- Laca, Brenda (1999): "Presencia y ausencia de determinante", en Ignacio Bosque / Violeta Demonte (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 1. Madrid: Espasa, 891-928.
- Müller, Henrik Hög / Alex Klinge (eds.) (2008): *Essays on Nominal Determination: From Morphology to Discourse Management*. Amsterdam: John Benjamins.

Francisco Antonio Cidrás Escáneo